

AS FEDERACIÓNS GALEGAS DE TRANSPORTISTAS NON COMPARTEN A POSICIÓN FAVORABLE ÁS GASOLINEIRAS NON ATENDIDAS MANIFESTADA POLA XUNTA DE GALICIA E A COMISIÓN DA COMPETENCIA

Galicia, 30 de agosto de 2016

As federacións galegas de transportistas FETRAM e FEGATRANS, integrantes do Comité Galego de Transportes, e que agrupan na actualidade a máis de 1.600 autónomos e pemes do sector do transporte de mercadorías por estrada de Galicia, desexan facer públicas as seguintes

MANIFESTACIÓNS

- 1º) Nos pasados días varios medios de prensa faciáanse eco da posición favorable da Xunta de Galicia e da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) á consolidación das estacións de servizo non atendidas con persoal (coñecidas comunmente como “low cost”) como estratexia para reducir o prezo dos combustibles para o consumidor final.

No caso concreto de Galicia, a Xunta vén defendendo desde 2014 que a razón fundamental pola que en Galicia temos en términos medios os prezos do gasóleo sen impostos máis altos de España (e seguimos a ter agora) radica na falta de competencia do sector minorista, é dicir, nas gasolinerías. Segundo o goberno galego dita falta de competencia en Galicia se dá con maior intensidade que en outras Comunidades Autónomas entre outras razóns porque existen poucas estacións “low cost”. Esta é por tanto a razón pola cal desde a Xunta de Galicia se ten promovido e facilitado a implantación deste tipo de estacións de servizo non atendidas con persoal desde entón.

- 2º) Sen embargo, este razoamento é contraditorio con outra realidade en España: **na actualidade existen 9 Comunidades Autónomas** (Madrid, Navarra, Asturias, Baleares, Andalucía, Castilla-La Mancha, Aragón, Murcia e Comunitat Valenciana) **onde os respectivos gobernos autonómicos teñen prohibido a implantación de gasolinerías non atendidas con persoal e os prezos medios do gasóleo** (impostos non incluídos) nestes territorios **seguen a ser inferiores aos prezos en Galicia.**
- 3º) **Desde as federacións galegas de transportistas FETRAM e FEGATRANS entendemos que o goberno da Xunta de Galicia e a CNMC erran apuntando mal a principal causa dos altos prezos do gasóleo sen impostos en Galicia.** Na nosa opinión o **condicionante fundamental localízase no sector maiorista do mercado dos carburantes.**

Na nosa opinión, falta de competencia existente en Galicia sitúase na venda do produto. Paradoxalmente en Galicia temos unha refinería na Coruña e este feito, lonxe de ser este un elemento favorecedor duns prezos máis baixos, tórnase exactamente no contrario, exercendo un dominio absoluto do mercado e por tanto condicionando absolutamente os prezos.

4º) Por outra banda, ambas federacións compartimos unha **opinión desfavorable sobre as estacións de servizo non atendidas con persoal**, polas seguintes razóns:

- **Os riscos potenciais para a seguridade dos consumidores**, isto é, persoas que manipulan as mangueras nestas estacións. Non é comparable desde o punto de vista da seguridade unha gasoleneira onde se subministran produtos altamente inflamables cunha máquina autoservizo de bebidas ou coas cabinas de peaxe de “pagamento fácil” –curiosamente estas, que si se teñen consolidado nos últimos tempos nas autoestradas galegas, son teñen suposto unha redución das contías das peaxes).
- **Os impedimentos para as persoas con algún tipo de discapacidade** ou persoas de mobilidade reducida. Como é sabido, a eliminación das barreiras arquitectónicas é hoxe un requisito obrigado para a apertura de novos establecementos comerciais.
- **A vulneración de dereitos dos usuarios.**
- A imposibilidade de levar a cabo **inspeccións non rutinarias**, por exemplo, probas con probetas.

5º) En último lugar, **seguímos demandando da Xunta de Galicia a supresión do imposto autonómico de hidrocarburos**, que en Galicia sitúase no seu máximo legal (4,8 céntimos de euro en litro + IVE), imposto que consideramos moi negativo non só para o noso sector, senón tamén para a competitividade da economía galega.

Contactos a efectos de completar información

ANTONIO SEÑARÍS DEL RÍO (Presidente de FETRAM): Tlm. 686281957
ALBERTO VILA GONZÁLEZ (Coordinador Xeral FEGATRANS): Tlm. 687706450